


Mofa e Befo



con Quico Cadaval

PRODUCCIONES
EXCÉNTRICAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC
Agencia Galega das
Industrias Culturais

MOFA & BEFA

Shakespeare para ignorantes

IGNORANCIA.- Falta de ciencia ou de noticias sobre un asunto particular ou xeral.

SHAKESPEARE.- Criador e produtor teatral de grande suceso no século XVII.

O aspecto inicial do espectáculo é o do produto didáctico en estado puro, recalcando a condición do público de colectivo carente duns concretos coñecementos. Dende esta transparencia expositiva, o primeiro que se desenvolverá na escena será a conferencia dun prestixioso profesor. Presumidamente, a conferencia pretende ser unha amena palestra para un público con coñecementos menos que básicos da imortal obra do conspicuo bardo. O profesor reclamará, para facer máis deleitosa a instrución que pretende inocular nas moleiras dos circustantes, o concurso de dous actores talentosísimos, máis temporalmente desempregados. Estes son **MOFA&BEFA**.

MOFA&BEFA irrompen na académica conferencia sobre o famoso autor para poñer en primeiro plano as escenas máis ignoradas, por desidia ou falta de oportunidades, polo público actual. O riso máis cruel, as intimidades máis vergoñentas, os actos máis desonestos, as vilanias máis astutas, os mecanismos máis ocultos do mal serán mostrados pola máquina cómica de **MOFA&BEFA**. Asasinos, mendigos, bufóns, conspiradores, cornudos, chivatos, oportunistas, chulos, torturadores, todas as personaxes que nunca teñen o protagonismo, terán agora a oportunidade de mostrarse no primeiro plano.

Cando escollemos o termo “ignorantes” referímonos só a unha parte do significado da palabra. Case todos os dicionarios importantes clonaron a mesma definición de ignorancia: “*Falta de ciencia ou de noticias sobre un asunto particular ou xeral*”. Nós dirixímonos a un público falto de noticias, estrictamente sobre Shakespeare e que anseie telas, para o seu uso persoal. Pensamos que a ninguén se lle pode atribuir falta de ciencia para desfrutar de Shakespeare, porque nada do humano lle foi indiferente. Até o punto de que moitos afirman que el foi o zoólogo que mellor coñeceu a especie humana. O astuto e intelixente público de **MOFA&BEFA** poderá tirar deste espectáculo valiosos recursos para resolver problemas da súa vida privada, laboral ou pública.

En **Shakespeare para ignorantes**, utilizamos materiais procedentes de “MacBeth”, “Ricardo III”, “Pericles, príncipe de Tiro”, “Rei Lear”, “Hamlet”, “Xulio Cesar”, “Romeu e Xulieta”, “Otelo”, “Como gostades”, “Cimbelino” e “Medida por medida”. **Shakespeare para ignorantes**, é un espectáculo influido pola poética de Mosqueira, a pragmática de Calvo e a épica de Cadaval.

“Cando os versos dun home non poden ser comprendidos (...) por ese meniño precoz, a intelixencia, o home séntese mais morto que se lle presentaran unha conta enorme nunha mísera taberna”. W. Shakespeare en *As you like it*. Acto IV .

A COMPAÑÍA

Producións teatrais EXCÉNTRICAS é una empresa que se dedica á creación de espectáculos teatrais, de produtos de entretenimento e outros obxectos culturais. **EXCÉNTRICAS**, que agora propon o espectáculo **SHAKESPEARE PARA IGNORANTES**, tem servido e continúa a servir como plataforma de produción a marcas como **MOFA & BEFA**, o duo cómico de Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, aos espectáculos unipersoais de Quico Cadaval e a proxectos musicais de Piti Sanz.

Realizou servizos artísticos para televisións e institucións públicas, deseñaron sketches de entretenimento, programas infantis de TV, produtos didacticos e números ad-hoc para corporacións tan diversas como as comunidades de cálculo, parlamento de Galicia, federacións de comercio, feiras do libro, igape... Participaron en múltiples eventos e festivais en España, Portugal e Latinoamérica. Cabe destacar de entre eles, Almada, Loiu, Tondela, Guadalajara; Santiago de Cuba, Iberoamericano de teatro de Bogotá, Festival de las autonomías de Madrid, Cómico de Maia, Eixo Atlántico de Viana do Castelo, MIndelact Cabo Verde, Carballo ,Ribadavia, Braga, Tárrega, Iberoamericano de Holguín.

MOFA & BEFA é o duo cómico que funciona como núcleo vertebrador do proxecto de Excéntricas. Anterior á fundación da empresa, Mofa & Befaf cumpriu hai pouco tempo 14 anos facendo rir a un país e parte do estranxeiro. Mofa & Befaf identificanse por un selo inconfundíbel marcado pola imaxinación lúdica, o sarcasmo, a transparencia da actitude actoral, o transformismo e o uso sorprendente dos materiais tanto escénicos como textuais. Os seus títulos máis destacados son Para Ser Exactos, Finis Mundi Circus, cultura para dar e tomar e Sempre ao Lonxe. Abandeiraron o movemento artístico denominado *perralleirismo*. Tamén teñen aportado o seu humor a televisión, radio, eventos académicos e empresariais, publicidade, congresos e mesmo proxectos de formación cívica.

ELENCO ARTÍSTICO

QUICO CADAVAL

É dramaturgo, narrador e director de escena. Nos seus últimos traballos destacan *Noite de Reis (Ou o que queirades)* e *O ano do cometa* no teatro institucional, pezas que foron obxecto de diversos premios, do recoñecemento dunha porcentaxe alta da profesión e do agradecemento do público que, en cantidade significativa, acudiu a ver os espectáculos. Tamén é colaborador habitual de Mofa e Befá, aos que acompañou na última aventura: *Sempre ao lonxe*. Como narrador escénico foi convidado a importantes festivais coma o Iberoamericano de Teatro de Bogotá, o de Almada e o de Almagro. Dirixiu a Aula de Teatro da Universidade de Santiago en Lugo cunha peculiar versión de *A ronda*, de A. Schnitzler. Ten algúns premios María Casares e traballou na Radio Galega.

EVARISTO CALVO

Inicia a súa actividade como actor profesional no ano 1988. Desde entón compaxina os traballos de actor, tanto no teatro como no cine e na televisión, cos de autor e director de escena no teatro, e os de guionista de televisión.

Cofunda con outros profesionais as compañías Ollomol Teatro Submarino, Ollomol Tranvia e Mofa & Befá. Participa como actor en máis de trinta espectáculos entre o os que destacan; *O ano do cometa* e *O incerto señor don Hamlet...*, *Commedia* e *O rei nú*, *Anxeliños* polo que recibiu o premio María Casares, *Finismundi Circus* entre outros de Mofa&Befá. Na TV participa en programas de humor como *Air Galicia*, en series como *Platos Combinados* e en formatos infantís como *Xabarin Club*. Tamén colabora co grupo de música antiga *Resonet*.

VÍCTOR MOSQUEIRA

A súa carreira como actor comeza no teatro galego en 1978. Fórmase na Scuola internazionale dell'attore Comico con Antonio Fava e na Bont's School of Clown con Eric de Bont especializándose en comicidade, clown e Commedia dell'Arte. Ten participado en compañías coma O Moucho Clerc, Centro Dramático Galego e Ollomoltranvia. Na actualidade o seu traballo está vencellado ao dúo cómico Mofa e Befá (*Sempre ao lonxe*). En cine traballou en producións como *Mía Sarah*, *O agasallo de Silvia* ou *Para que non me esquezas*. Tamén conta cunha ampla experiencia televisiva, sendo os seus traballos máis coñecidos os realizados nas teleseries *Un paso adelante* (Antena3) e *Mareas vivas* (TVG) e nos programas de humor *Apaga a luz* e *Máxima audiencia* (TVG).

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco

Quico Cadaval

Evaristo Calvo

Víctor Mosqueira

Técnico de escena: Octavio Mas.

Escenografía, vestuario e atrezzo: Mofa e Befá

Diseño Iluminación: Octavio Más

Producción: Rubén G. Pedrero

Dirección: Quico Cadaval

Distribución Rubén G. Pedrero

Diseño Gráfico: Pancho Lapeña

Colaboradores:

Xoán Cejudo, Kukas e Isabel, Pilar Paz, Ana Triñanes, Clara Brea, Pepe Penabade, Josinho 13,
Fernando Reyes